

Bases Concurso Internacional de Curtametraxes "CINEMA FETUS" FKM 2018

Concurso de Curtametraxes organizado por FKM, Festival de Cinema Fantástico da Coruña.

O concurso está destinado a obras de baixo ou moi baixo orzamento, pero non por iso carentes de calidade, con Versión Orixinal en galego. Trátase dunha nova sección competitiva que busca as producións máis experimentais e arriscadas, onde o enxeño, a capacidade de inventiva e as narrativas non convencionais sexan capaces de ofrecer unha obra que optimice os recursos dispoñibles con talento, creatividade e sentido do humor. Queremos fomentar así a creatividade e a optimización de recursos dispoñibles.

Participa no premio o Concello da Coruña.

REGULAMENTO

- 1) Poderán presentarse a este certame todos os autores e autoras nados en Galicia independentemente do seu lugar de residencia, así como aqueles que actualmente estean empadroados en Galicia.
- 2) Concurso de ámbito nacional e internacional organizado polo FKM, Festival de Cinema Fantástico da Coruña, (en diante FKM ou a "Organización do Festival") no que poderán participar persoas físicas ou persoas xurídicas. A data de produción das obras será 2017/18.
- 3) Non existe límite en canto ao número de obras que se poidan presentar. Todas as curtametraxes teñen que ser estreos en Galicia. Como regra xeral terán prioridade as estreos en España. A duración mínima de cada obra será de 3 min e a máxima non excederá os 18 min, títulos de crédito incluídos.
- 4) Poderán participar no Concurso os maiores de 18 anos e os menores que conten coa debida autorización dos seus titores legais.
- 5) A inscrición poderase facer unicamente a través da Plataforma FestHome (www.festhome.com). Cuota de inscrición: 2,00€

A data límite para inscribirse e enviar o material de visionado é o **1 de Setembro de 2018**.

- 6) Admitimos curtametraxes en calquera formato dixital, preferiblemente .mov / .mkv / .mp4 en H264 e tamaño 1080 x 1920 px.

Os gastos de envío e devolución das curtametraxes seleccionadas correrán a cargo dos participantes.

A devolución das copias das curtametraxes seleccionadas polo festival efectuarase posteriormente á data de clausura. Se a copia da película é requirida noutro festival antes de clausura de FKM, deberanse especificar as datas exactas para que sexa tido en conta na programación.

CARACTERÍSTICAS DAS OBRAS

- 7) As obras enmarcaranse dentro dos xéneros de terror, fantástico e ciencia ficción, con todos os seus subxéneros incluídos (gore, slasher, monstros, etc.) e valoraranse especialmente aquelas obras que conteñan elementos trash ou de serie b, pero facendo gala de gran inventiva nas resolucións e con moito sentido do humor. Aceptaranse obras tanto en imaxe real como animación, que participarán conxuntamente e optando aos mesmos premios.

8) Durante a selección valoraranse especialmente aquelas obras que mostren unha perspectiva de xénero: Obras que inclúan personaxes de mulleres como protagonistas, evitando a representación de mulleres como meras vítimas e sen incorrer en tópicos sexistas ou denigrantes.

9) As obras estarán en **V.O. Galego** e levarán incrustados os subtítulos en Inglés.

10) Todas as obras seleccionadas para a Sección Oficial competitiva de "Cinema Fetus" recibirán un certificado de participación por parte da dirección de FKM, Festival de Cinema Fantástico da Coruña.

PREMIOS

11) A Organización do Festival fará unha selección das obras recibidas e entre as seleccionadas realizarase a entrega dos seguintes premios:

- **Premio do Xurado á Mellor Curtametraxe Fetus:**

Outorgado por un xurado constituído para o efecto, elixido pola dirección do Festival FKM e que estará composto por profesionais do cinema e da cultura, que outorgarán os seguintes premios e galardóns.

- **Premio FKM "Gloria Bendita á Realización Máis Salvaxe":** Establécense 500€ de premio en metálico e un trofeo "FETUS". A dotación económica será abonada, a partes iguais, aos produtores e aos realizadores da película. No caso de que a mesma persoa sexa produtor e realizador, abonarase a esta a totalidade do premio. A esta cantidade efectuaránselle as retencións fiscais que resulten obrigatorias en aplicación das normas fiscais vixentes. Devandito premio irá acompañado dun diploma acreditativo. O trofeo honorífico entregarase aos realizadores. O premio non poderá outorgarse ex aequo nin ser declarado deserto. No caso de existir empate de votos entre os membros do xurado, o Presidente ou Presidenta do Xurado poderá facer uso do seu voto de calidade para decantar o fallo. A decisión do xurado será inapelable.
- **Mención de Honra:** O xurado reservarase a posibilidade, se o cre conveniente, de conceder ata un máximo de 2 Mencións de Honra. Que consistirán nun documento acreditativo do galardón, asinado e selado por FKM e os membros do xurado.

- **Premios do Público:**

O público outorgará por votación premios que consistirán nun trofeo "Fetus" e un documento acreditativo do galardón asinado e selado por FKM, nas seguintes categorías:

- **Morte Máis Lograda**
- **Tremendo Mellor Berro**
- **Caracterización Máis Enxeñosa**
- **Mellor Escena de Sexo Intenso**
- **Mellor Teoría Patafísica.**

12) O Premio do Xurado á Mellor Curtametraxe Fetus darase a coñecer e entregarase no evento de clausura do festival.

13) Toda obra seleccionada, deberá proporcionar ao Festival material publicitario (fotos, posters, dossiers de prensa, tráiler, etc.) para poder promocionala adecuadamente. FKM resérvase o dereito a non devolver estes materiais.

14) No caso que a copia resulte danada como consecuencia da súa exhibición no Festival, o propietario comunicaráo ao Festival antes dun mes, a contar a partir da data de devolución. A responsabilidade do Festival non superará o custo especificado no Formulario de Inscripción pola

empresa que cede a película.

15) Os participantes garanten que as obras que presentan a concurso son orixinais, que non vulneran dereitos de terceiros e que non realizaron nin realizarán ningún acto susceptible de impedir ou dificultar á organización e aos patrocinadores o exercicio pleno e pacífico dos dereitos que se ceden ao seu favor en virtude das presentes bases do concurso. No caso de que os participantes incorporen nas obras presentadas a concurso algunha obra preexistente, que non se atope no dominio público, deberán solicitar a autorización previa e por escrito aos correspondentes titulares de dereitos. En consecuencia, os participantes responderán fronte á organización e os patrocinadores por calquera acción ou reclamación que exerza calquera terceiro en relación coa cesión e/ou exercicio dos dereitos cedidos en virtude da súa participación no presente concurso.

16) Os datos de carácter persoal facilitados ao efecto de poder participar no Concurso, serán obxecto de tratamento e incorporados ao correspondente ficheiro de titularidade da Organización do Festival, todo iso con suxeición ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

A recollida e tratamento dos datos persoais ten como finalidade a xestión dos participantes no Concurso, así como o envío a devanditos participantes de información acerca doutras actividades e concursos que a Organización do Festival poida organizar no futuro. Os participantes do Concurso autorizan de forma irrevogable e gratuíta á Organización do Festival para facer uso da súa imaxe, en calquera publicidade ou aviso que se realice a través de calquera medio escrito ou audiovisual, xa sexa en canto ao seu nome como á recepción dos premios.

Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición en relación cos datos solicitados con ocasión do Concurso, o interesado deberá dirixirse por correo a fkmcine.org.

17) A organización do certame decidirá os días e as horas da proxección dos mesmos durante o festival.

A organización unicamente contactará cos directores/productores/distribuidores das obras seleccionadas, que recibirán instrucións para o envío das devanditas obras nos formatos de exhibición descritos no punto 6. Esta comunicación pode ter lugar até finais de Setembro.

18) Calquera cuestión que xurda ao longo do Festival, non contemplada no presente Regulamento, será decidida pola organización. Así como poderá autorizar excepcións que poidan contribuír a un maior éxito do concurso ou a unha mellora da xestión.

19) A inscrición ou o envío dunha película ao festival implica a aceptación incondicional destas bases. Unha vez aceptadas a presenza da película enviada ao festival será irrevogable.